

## CONSENTIMENTO INFORMADO PARA O CANDIDATO/A

### **AVALIACIÓN DAS UC1082\_2 E UC1083\_2 PARA O RECOÑECIMENTO DA COMPETENCIA PROFESIONAL**

#### **1.- LOCALIZACIÓN:**

A avaliación das UC1082\_2 e UC1083\_2 levarase a cabo na parte central da Praia de Santa Cristina en Oleiros – A Coruña.

Acotarase unha zona do areal como “espazo de avaliación”, ao que só poderá acceder o persoal da organización e os/as candidatos/as da quenda correspondente.

O/a candidato/a deberá presentarse na Carpa de Información media hora antes da convocatoria, debendo levar consigo de xeito obrigado o seu DNI e a vestimenta obrigatoria, sen o cal non poderá realizar a avaliación.

#### **2.- ENTREVISTA E SIMULACIÓN DE PRÁCTICA PROFESIONAL DA UC1082\_2:**

O/a candidato/a realizará unha simulación de práctica profesional de dúas Actividades Principais desta Unidade de Competencia:

- Comprobar que a zona de baño público no espazo acuático natural está en condicións de uso segundo a normativa vixente.
- Comprobar que os recursos materiais están en bo estado de uso segundo a normativa vixente.
- Comprobar o Plan de actuación, os protocolos e os recursos de evacuación antes posibles emerxencias.
- Identificarse durante o desempeño da vixilancia, segundo as indicacións do servizo de socorrismo.
- Informar das normas de uso e das pautas de comportamento aconsellando aos bañistas sobre cómo facer uso na zona de baño público.

Para a simulación das actividades determinadas polo/a avaliador/a, o/a candidato/a terá en conta os supostos plantexados, as condicións do entorno da praia onde se realiza, e os equipamentos e materiais dispostos para a simulación. O/a candidato/a deberá realizar as actividades propostas de igual xeito que nun entorno e situación laboral real, sempre baixo o contexto simulado polo/a avaliador/a.

### **3.- PROBA DE AVALIACIÓN “SIMULACIÓN COMBINADA DE RESCATE DUN ACCIDENTADO EN ESPAZO ACUÁTICO NATURAL” CORRESPONDENTE Á UC1083\_2**

O candidato fara unha entrevista daquelas actividades principais restantes desta unidade de competencia.

O/a candidato/a realizará unha simulación combinada de rescate dun accidentado no medio acuático, seguindo a secuencia:

- Posición de saída: espazo delimitado no areal, preto da beira e fronte á pista asignada, seguindo as indicacións do avaliador de terra.
- Tras o sinal, cada candidato deberá seleccionar o material específico de rescate entre un grupo facilitado pola organización, preto del e á súa disposición.
- Entrada na auga do/a candidato/a.
- Aproximación ao accidentado.
- Contacto e control do accidentado seguindo as indicacións do/ avaliador/a e a situación de simulación que lle indique.
- Transporte/traslado do accidentado coa técnica correcta, dende a súa ubicación ata a embarcación semirríxida correspondente.
- Mergullo.
- Rescate do accidentado dende a embarcación realizando o seu izado e colocación a bordo, seguindo as indicacións do/ avaliador/a e a situación de simulación que lle indique.
- Fase de navegación onde o/a avaliador/a de mar observará a correcta colocación e posición do/a candidato/a seguindo as súas indicacións e a situación de simulación que lle indique.
- Entrada na auga do/a candidato/a e vítima simulada, no punto indicado polo/a avaliador/a de mar.
- Transporte/Traslado do accidentado dende o punto de entrada na auga ata a beira do areal.
- Extracción do accidentado ata o punto marcado polos/as avaliadores/as de terra, con posibilidade de solicitar a súa axuda en caso necesario.
- Extracción dun accidentado con suposta lesión medular.
- Fin da proba.

#### **Material:**

- O/a candidato/a deberá levar obrigatoriamente: DNI, traxe de neopreno e aletas.
- O/a candidato/a poderá levar opcionalmente: gorro, gafas, escafpíns, luvas de neopreno.

#### **Secuencia a realizar por cada candidato/a:**

- Presentarse na carpa de Información coa debida antelación á hora asignada no seu calendario de avaliación, e cotexar o DNI co persoal do IGC.
- Atender e seguir en todo momento as indicacións do persoal do IGC.
- Seguindo a súa quenda correspondente, cambiarse na carpa asignada como vestiario (masculino ou feminino).

- Colocar toda a roupa e enseres persoais na súa bolsa/mochila, e colocarse o traxe de neopreno e material opcional.
- Cando se lle indique, entrar na zona reservada de avaliación e dirixirse ao avaliador de terra asignado, levando consigo a bolsa/mochila cos seus enseres, e o material obrigatorio (aletas) e opcional se fora o caso para a realización da proba (gafas, gorro, luvas de neopreno).
- Entregar na carpa de avaliación a bolsa/mochila cos seus enseres, e atender á explicación da proba.
- Colocarse no punto de inicio de proba.
- Realizar a proba seguindo as indicacións dos/as avaliadores/as de terra e mar.
- Seguir as indicacións de seguridade se sucede algún percance.
- Ao finalizar a proba, recoller o seu material de rescate e a bolsa/mochila cos seus enseres.
- Sair da zona reservada de avaliación.

### **Consideracións de obrigado cumprimento para os candidatos:**

- Para a realización da proba é imprescindible a presentación do DNI. No caso de presentarse algún candidato sen él, o persoal do IGC poderá excepcionalmente permitirle a realización o último día das probas e ao rematar todos os demais candidatos.
- O/A candidato/a non poderá realizar a proba baixo os efectos do alcohol ou calquera outro tipo de droga ou sustancia estupefaciente ou psicotrópica.
- O/A candidato/a non poderá por en perigo deliberadamente a súa integridade física, a de outros candidatos ou a do persoal da organización.
- O/A candidato/a deberá informar ao persoal do IGC e os avaliadores, de calquera incidencia sobre o seu estado físico ou psíquico que poida afectar á súa saúde ou á de outros na realización da proba.
- O/A candidato/a deberá estar en condicións óptimas para a realización da proba na súa quenda correspondente, realizando con anterioridade os exercicios de quecemento, estiramientos, ou calquera outros necesarios según o seu nivel.
- Unha vez iniciada a proba, o candidato non poderá interrompirla a mesma, solicitar retraso ou espera, salvo por solicitude de abandono ou por causa de perigo para a súa integridade física, a de outro candidato ou a do persoal da organización. Neste último caso, a Comisión de avaliación valorará repetida de novo ao final da xornada, unha vez rematen os restantes candidatos.
- O/A candidato/a deberá realizar a proba nos seus espazos asignados no areal e na zona marítima, non podendo saír deles ata a finalización e unha vez confirmado polo/a seu/súa avaliador/a.
- O/A candidato/a deberá seguir escrupulosamente as indicacións dadas polos/as avaliadores/as, especialmente na fase de aproximación, izado a bordo, navegación e entrada á auga coa embarcación semirrixida, e na aproximación, control, izado e traslado de accidentado simulado no caso de escoller como material a táboa de rescate.
- Por motivos de seguridade, en ningún caso o/a candidato/a se achegará á zona prohibida de acceso na embarcación, tanto na aproximación dende a auga, na colocación a bordo, en navegación e na entrada á auga. Establécese como zona prohibida para o acceso de candidatos/as á popa da embarcación,


definida a bordo pola ubicación do patrón, e todos os elementos do motor (tanto a bordo como na auga). Por estes motivos, o candidato seguirá as indicacións exactas do/a avaliador/a de mar en canto ás zonas habilitadas para contactar dende o mar, subir a bordo, colocarse en navegación, entrar á auga, e calquera outra que considere o/a avaliador/a.

-Se por causas alleas ao candidato é preciso suspender temporalmente a proba (calquera problema que poida afectar á seguridade dos candidatos ou do persoal do IGC), os avaliadores repetirán a proba unha vez solventado o problema, e comenzando pola última fase executada polo candidato.

-No caso de que o candidato/a sufra algún percance físico ou psíquico que poida por en perigo a súa integridade ou a de outros, está obrigado a avisar de inmediato aos seus avaliadores, utilizando o sinal acordado para as probas de avaliación.

**Descrición do sinal de petición de axuda:** Partindo da posición dun brazo estendido por riba da cabeza, golpear de xeito repetido a superficie da auga no costado do corpo.

**Gráfico representativo do sinal de petición de axuda:**



**Posibles riscos na realización da proba:**

**-Fase de carreira polo areal:**

- Caídas ao mesmo nivel.
- Lesións musculares e/ou articulares inherentes á actividade física.
- Lesións físicas por axentes externos, por mala manipulación do material

**Aspectos preventivos:**

- Realizar os exercicios de quecemento, estiramientos e calquera outros axeitados para o nivel do candidato, co obxectivo de realizar a proba en condicións óptimas.
- Manter a atención nos apoios dos pes durante a fase de carreira.

- Solicitar ao avaliador a retirada de calquera obxecto externo que poida entorpecer a fase de carreira.
- Suxeitar e colocar correctamente o material durante o traslado, evitando que calquer compoñente ou parte do material se enrede (cabos, cintas, eslingas) ou golpee (mosquetóns, quilla da táboa, parte principal dos materiais ríxidos) co corpo do/a candidato/a.

-Fase acuática 1 e 2 (antes e despois da navegación):

- Lesións musculares e/ou articulares inherentes á actividade física.
- Lesións físicas por axentes externos, por mala manipulación do material
- Cansancio.
- Hipotermia.
- Afogamento.

Aspectos preventivos:

- Ter a capacidade de nadar e trasladar á vítima seguindo as distancias requiridas na avaliación.
- No caso de optar pola táboa de rescate, ter a capacidade de remar (só ou coa vítima simulada) con estabilidade e seguridade, tendo en conta o entorno e os elementos meteorolóxicos.
- No caso de optar pola táboa de rescate, adoptar a posición correcta de remada na fase de aproximación á vítima, priorizando a seguridade do candidato/a. Manipular á vítima simulada durante as fases de control, izado e traslado, evitando que calquera elemento da táboa (especialmente o canto e/ou a quilla) golpee a candidato/a e/ou vítima.
- Levar consigo o material axeitado para manter o illamento térmico necesario, seguindo as condicións físicas (chaleco de neopreno baixo o traxe, guantes, escaupins, etc).
- Activar o sinal de petición de axuda ante a aparición dun problema que poña en perigo a integridade física ou psíquica do/a candidato/a e/ou accidentado/a simulado/a.

-Fase de contacto e navegación na embarcación:

- Lesións musculares e/ou articulares inherentes á actividade física.
- Lesións físicas por axentes externos, por mala manipulación do material.
- Caidas ao mesmo nivel.

Aspectos preventivos:

- No caso de optar pola táboa de rescate, manter a distancia de seguridade necesaria para que o material non poida contactar con ningún elemento da embarcación nin causar dano ou lesión ao propio/a candidato/a e /ou a calquera membro participante na proba.
- Contactar coa embarcación no lugar indicado polo/a avaliador/a de mar, e en ningún caso acceder á zona prohibida (popa da embarcación, ubicación do patrón, todos os elementos do motor).
- Agarrarse nas relingas ou asas axeitadas para subir a bordo.
- Manter en todo momento o control sobre o accidentado/a simulado/a, garantindo que non poida acceder á zona prohibida.

- Colocarse a bordo con seguridade e agarrándose ás relingas ou asas axeitadas.
- Seguir en todo momento as indicacións da tripulación (patrón – avaliador).
- Esperar a indicación da tripulación (patrón – avaliador) para confirmar que a posición de entrada á auga é a correcta.

-Fase de entrada na auga:

- Caídas dende diferente nivel, por agarres e apoios incorrectos.
- Lesións físicas por axentes externos, por mala manipulación do material

Aspectos preventivos:

- Colocarse a bordo con seguridade, agarrándose ás relingas ou asas axeitadas e apoiando os pes nos lugares axeitados.
- Seguir en todo momento as indicacións da tripulación.
- Esperar a indicación da tripulación para confirmar que a posición de entrada á auga é a correcta.
- No caso de optar pola táboa de rescate, manter a distancia de seguridade necesaria para non golpearse con ningún elemento do material.

-Fase de extracción do accidentado con posibilidade de pedir axuda:

- Caídas ao mesmo nivel.
- Lesións musculares e/ou articulares inherentes á actividade física.

Aspectos preventivos:

- Manter a atención nos apoios dos pes durante a fase de extracción.
- No caso de optar pola táboa de rescate, evitar calquera movemento que poida golpear ao/á candidato/a e/ou vítima simulada (xiro, caída, deslizamento involuntario, etc).
- Solicitar ao avaliador a retirada de calquera obxecto externo que poida entorpecer a fase de carreira.
- Evitar posicións incorrectas das costas, pernas e agarres, para exercer a forza necesaria na extracción. En caso de que o peso da vítima simulada non permita cumprir con esta medida preventiva, o candidato/a poderá pedir axuda a un/unha avaliador/a para completar a extracción da vítima simulada ata o punto acordado de finalización da proba.

-Fase posterior á realización da proba:

- Hipotermia.

Aspectos preventivos:

- Avisar ao persoal sanitario de inmediato ante calquera sensación de malestar.
- Quitar as prendas molladas.
- Secarse canto antes.
- Tomar unha bebida templada (sen alcohol) tan pronto saia do recinto de avaliación.
- Abrigarse axeitadamente, en especial a cabeza, mans e pes.
- avisar ao persoal médico de inmediato ante calquera sensación de malestar.

### 3.- DISPOSITIVO DE SEGURIDADE:

A organización conta cun amplo operativo de prevención e intervención, destinado a minimizar os riscos dos candidatos durante a realización da proba:

- 1 Responsable de Seguridade das probas.
- 1 Responsable de organización das probas.
- Persoal de apoio do IGC.
- 1 Carpa de atención sanitaria
- 2 ambulancias
- Persoal de Protección Civil dos Concellos de A Coruña e Oleiros
- 2 vehículos de Protección Civil de A Coruña e Oleiros
- 2 embarcacións de seguridade coas súas tripulacións
- 2 socorristas acuáticos
- Central de comunicacións e equipos portátiles para todos os operativos

### PAUTAS DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA:

#### Aviso:

- O/A candidato/a está obrigado/a a avisar inmediatamente se sofre algún problema que poida por en perigo a súa integridade física ou a de outros.
- Se o problema xurde no espazo do areal, avisará verbalmente ao seu avaliador de terra.
- Se o problema xurde no medio acuático, o/a candidato/a permanecerá a flote sen desplazarse, e pedirá axuda a viva voz, ademáis de realizar o sinal de petición de axuda descrito con antelación. O/A candidato/a repetirá estas accións ata que o persoal de seguridade se decate da súa incidencia.

#### Atención:

- O/A candidato/a seguirá en todo momento as indicacións do persoal de seguridade e intervención, mostrando unha actitude colaboradora ata o fin da asistencia.
- En caso de que o persoal sanitario estime que non existe causa grave que poida impedir a realización da proba, o/a candidato/a, se a Comisión de avaliación o considera, poderá repetila ao final da xornada.

En Oleiros, a 21 de setembro de 2018

Asdo. e conforme, O/A Candidato/a: .....